

# O desenvolvemento contemporáneo do feminismo:

Simone de Beauvoir

## 1.- CONTEXTO SOCIO-HISTÓRICO

Para entender correctamente a figura de Simone de Beauvoir, é necesario enfocala dende dúas tradicións: o existencialismo e o feminismo.

### 1.1.- O Existencialismo

A comenzos do século XX, concretamente dende a obra “*Ser e Tempo*” de **Martin Heidegger** e o seu mestre **Edmund Husserl**, desenvolveu un novo “método” para a análise dos contidos da conciencia e creou unha ampla escola. Pero a maioría de discípulos de Husserl (Martin Heidegger, Karl Jaspers, Jean-Paul Sartre, Simone de Beauvoir e Albert Camus, entre moitos outros), sentiron máis interese en aplicar o método do mestre ao estudo da existencia humana que o mecanismo de funcionamento da mente. De aí deriva o nome dunha das correntes filosóficas máis potentes do século XX que traspasa os límites da filosofía e ten representantes na literatura, teatro, música, cine, pintura ...

O pensamento existencialista consolídase no período de entreguerras. A Primeira Guerra Mundial deixou unha Europa en ruínas que deu paso a un período de grave inestabilidade económica, política e social. En 1917 a Revolución Soviética triunfa en Rusia e créase a URSS, pouco despois os totalitarismos de dereitas recorre Europa. Despois da Segunda Guerra Mundial aparece EEUU como unha nova potencia económica, cultural e filosófica (non esquezamos que toda a actividade intelectual e científica de Europa acaba emigrando a EEUU en uns poucos anos creando alí auténticos foros de traballo e debate filosófico, psicolóxico e sociolóxico). En Europa, os valores do vello continente que caracterizaban un estilo de vida e unha cultura quedan socavados. Europa queda sumida nun sentimento de fracaso, inquietude e desasosiego que dará paso ao novo modo de sentirse: o existencialismo.

Para Heidegger a característica que distingue aos seres humanos dos outros seres é a **existencia**. Mentres que o resto de seres só **son**, os seres humanos **existen**. Os SH fomos lanzados ao mundo no momento de nacer, e dende ese instante estamos obrigados a permanecer nel mentres tratamos de realizar o noso proxecto vital. Somos **Ser-aí**, seres concretos en situacións concretas (*Dasein*). O *Ser-aí* está aberto a todo tipo de posibilidades (depende das súas eleccións), o ser humano non ten ningunha esencia previa; defínese na súa existencia, no proxecto que leve a cabo; cada un de nós ten que definir a súa existencia. Podemos tomar o camiño fácil e vivir de maneira **inauténtica** (facer o que fan os outros sen reflexionar) o vivir a **auténtica** vida humana e elixir a nosa traxectoria. Esta elección nos leva a descubrir as nosas limitacións e o noso final que é a morte. Por iso Heidegger di que somos **seres-para-a-morte**. Á esta constatación denomínalle “**a caída**” que causa unha angustia insoportable no ser humano que se fai consciente de que o seu único final é a morte e que naceu para morrer. A única maneira de superar este estado é **o proxecto** (a nosa realización, a través dos nosos actos, creando a propia esencia) que dará sentido á nosa vida (non fará o noso paso polo mundo absolutamente prescindible) e á dos demais (podemos aportar cousas útiles para a humanidade).

### 1.2.- O Feminismo

A loita en favor da igualdade de dereitos entre homes e mulleres non nace no século XX senón que é unha longa reivindicación de numerosas mulleres e de algúns homes ao longo dos séculos. Pero si que é certo que podemos sinalar as orixes do movemento feminista entendido non como algo individual senón como

un movementu colectivo, no tempo da Ilustración. Neste momento compulso de reivindicación de dereitos e de igualdade de todos os homes, tamén se poñen de manifesto as esixencias das mulleres. As mulleres xogarán un papel decisivo na Revolución Francesa pero o certo é que o sector masculino utilízase e despois abandona as súas reivindicacións impidíndolles acceder á igualdade de dereitos. Na “**Declaración Universal dos Dereitos do Home e do Cidadán**” as mulleres quedan expresamente excluídas por ser consideradas *ciudadás de segunda*. O propio filósofo J.J Rousseau, creador da **teoría democrática moderna**, argumentou que “*as mulleres eran seres débiles de carácter e inestables emocionalmente e que, por tanto, non podían ter un papel decisivo en política. Este carácter viña dado polo feito mesmo de seren mulleres*”.

As mulleres deberan esperar ata finais do século XIX para asistir ao resurximento do movementu feminista organizado en Inglaterra e EEUU na chamada **Primeira onda feminista** que avogaba entre outras cousas por: a educación das mulleres, o dereito á propiedade privada, o liderado das organizacións e, un dos temas que traerá máis consecuencias, o dereito a votar (o **sufrixio universal**). Ca participación política as mulleres reclamaban acceder á cidadanía de pleno dereito. Unha vez conseguido moitas mulleres pensaron que o obxectivo estaba cumprido e que tensar máis a corda podía facer que perderan os dereitos adquiridos. Pouco a pouco o movementu feminista foise dispersando dando por finalizada a primeira onda ou **Onda dos Dereitos Cívís e Lexislativos**. Haberá que esperar ata os anos 60 para reanimar o movementu.

A **Segunda onda feminista** abrande dende o agromar dos estudos feministas anglosaxóns a principios da década de 1960 ata finais da década dos 80 coincidindo co inicio do Movementu de Liberación das Mulleres en Estados Unidos. Dous nomes son imprescindibles para entender esta segunda onda: a predecesora Simone de Beauvoir e a instigadora Betty Friedan.

## 2.- SIMONE DE BEAUVOIR

### 2.1.- Contexto vital

Escritora e filósofa francesa (1908-1986). Naceu nunha familia burguesa e destacou desde temperá idade como unha alumna brillante. Estudou na Sorbona e en 1929 coñeceu ao filósofo existencialista Jean-Paul Sartre, que se converteu no seu compañeiro durante o resto da súa vida. Graduouse en filosofía e ata 1943 e dedicouse á docencia nos liceos de Marsella, Ruan e París. Participou intensamente nos debates ideolóxicos da época, atacou con dureza á dereita francesa e asumiu o papel de intelectual atea e comprometida. Foi fundadora xunto con Sartre, Albert Camus e Maurice Merleau-Ponty, entre outros, de revista **Tempos Modernos**, cuxo primeiro número saíu á rúa o 15 de outubro de 1945 e transformouse nun referente político e cultural do pensamento francés de metade do século XX.

Os seus abundantes títulos testemuñais e autobiográficos inclúen *O segundo sexo* (1949), *Memorias dunha moza formal* (1958), *A plenitude da vida* (1960), *A forza das cousas* (1963), *Unha morte moi doce* (1964), *A vellez* (1968), *Final de contas* (1972) e *A cerimonia do adeus* (1981).

### 2.2.- Pensamento filosófico

Beauvoir completa o traballo iniciado por Rousseau no século XVIII: a construción da sociedade democrática ca inclusión das mulleres. A metade do século XX era inadmisibile que a metade da poboación mundial quedara excluída do proxecto democrático.

Dende o seu pensamento existencialista que entende ao ser humano como libre, responsable dos seus actos e creador da súa propia esencia, reivindica a necesidade de loitar contra a opresión da muller a quen se lle imposibilita a creación do seu propio proxecto para dar sentido á súa vida e así escapar da “angustia vital” do ser humano. O “proxecto” do que falaba Heidegger como única maneira de liberarse da angustia

da morte, para Beauvoir non é un “proxecto totalmente libre” senón unha elección entre unhas posibilidades reais. No caso da muller, estas posibilidades son terriblemente limitadas e constrictivas e por tanto impiden a transcendencia da muller e iso comporta a degradación ontolóxica e moral da mesma. O patriarcado nas familias, a subordinación nos traballos e as normas morais e xurídicas que as constringen e discriminan, fan das mulleres seres incapaces de escribir o seu propio proxecto e por tanto de superar a angustia do ser-para-a-morte.

No **Contrato social** de Rousseau dise: “*O home nace libre e por todos lados atopa cadeas que o condicionan ...*”

En **O segundo sexo** Beauvoir completa: “*Non se nace muller... aprendese a selo*”. Estanos a dicir que a condición de muller encadéanos. A condición de muller é unha construción social, non existe naturalmente. É por iso que non debería excluílas do argumento de Rousseau.

### 2.3.- O Segundo sexo

En 1949 Beauvoir publica “**O Segundo Sexo**”. Inmediatamente convértese nunha obra revolucionaria. Véndense 20.000 exemplares na primeira semana e convértese en obxecto de debate entre conservadores e progresistas. Considerada o “manual do egoísmo” entre os primeiros e o “manual de liberación” para os segundos, será un elemento incómodo para todo o mundo. Traducida a todas as linguas do mundo, foi fonte de inspiración da segunda onda feminista e tema de debate (para ben ou para mal) do movemento feminista de tódolos tempos. Pero que di en realidade *O segundo sexo*?

#### 2.3.1.- Desmonta a desigualdade entre os sexos

A desigualdade histórica entre o sexo feminino e masculino non é natural, é só unha construción cultural. O *feminino* non é unha esencia, non se nace muller (non hai **esencia da feminidade** como non a hai da masculinidade) a sociedade convértenos en “o que se supón” que deben ser as mulleres, e esta construción non é nin aleatoria nin gratuíta. Ten unha intencionalidade inserta no **relato da modernidade**: responde á ideoloxía do progreso e do dominio. A construción da “esencia” feminina forma parte da economía liberal e capitalista e do patriarcado.

#### 2.3.2.- Reivindica o corpo da muller como propio

Beauvoir atenta contra dúas institucións sacrosantas e intocables da cultura europea que son os piares da suposta esencia da feminidade: a **familia** e a **maternidade**. Ámbalasduas impiden a realización do proxecto das mulleres e bloquean a dimensión transcendental como SH. Moitas mulleres non teñen interese en ser nin esposas nin nais pero é algo que a sociedade imponlles dende o nacemento como parte esencial da súa existencia. O poder opresivo dos dominadores impide a realización dos dominados. Atacou duramente os ideais da sociedade francesa e europea en xeral dos 50: defendeu a soltaría, a independencia económica, o divorcio, o aborto, o dereito a unha sexualidade libre e separada da maternidade. O cambio pasa por un **control da natalidade** que permita superar á muller o seu papel reprodutivo (as diferencias biolóxicas entre os sexos teñen xogado un papel clave na subordinación da muller; o control da natalidade é unha maneira de superalas).

As súas ideas levantan auténticas ampolas nos sectores conservadores e foi duramente atacada pero o poder das súas palabras foi imparabile.

## 2.4.- A dimensión política das súas ideas

“*O segundo sexo*” non é un libro de teoría política e sen embargo ten unha gran transcendencia política: o ton do libro non é expositivo, non demanda resignación nin aceptación; non é un lamento estoico. É unha obra revolucionaria que incita á acción, dirixido directamente á muller a quen lle promete a liberación. Por tanto atenta contra o *Status quo*.

Beauvoir ten claro a necesidade do **traballo remunerado** para a muller. A muller debe deixar de ser reprodutora para ser produtora. Isto a maiores de ser necesario para a independencia da muller é un duro golpe á estrutura familiar (debido ao papel de coidadora atribuído á muller) peza clave da estrutura capitalista.

Beauvoir integra as súas ideas dentro da tradición marxista da alienación e conecta a opresión da muller ca existencia da propiedade privada. O cambio pasa por:

- Decisión única da muller na produción
- Demanda de recoñecemento social e visibilidade
- Establecemento de un sistema produtivo socialista
- Demanda colectiva das mulleres de superar a esfera privada e integrarse na esfera públicas

## 3.- A TRANSCENDENCIA DAS IDEAS DE BEAUVOIR

### 3.1.- Repercusión no momento da publicación

O pensamento de Beauvoir é fundamental para o movemento feminista e para a historia do pensamento en xeral (lembrems que é ela quen completa o concepto de cidadanía democrática e universal que iniciou Rousseau). A súa filosofía é molesta porque é politicamente incorrecta para a súa época. Aínda que tivo moitos seguidores tamén tivo detractores: os círculos católicos e conservadores a atacaron duramente, e moitos membros do PC de Francia tamén a criticaron sen entender as súas reivindicacións feministas.

### 3.2.- Repercusión de finais do século XX e XXI: a terceira e cuarta onda

Aínda que é difícil circunscribir os anos e os episodios en concreto que activan o movemento feminista a finais do século XX, podemos dicir que a **terceira onda feminista** arrancaríase na década dos 90. Esta onda está fórmansa por mulleres que medraron co avance dos dereitos civís proclamados por Beauvoir e as súas colegas. Aínda así a terceira e a cuarta onda adoptan a diversidade e a interseccionalidade dentro do seu pensamento superando amplamente o pensamento de Beauvoir. As novas xeracións acusarán o pensamento de Beauvoir de:

- Bipolaridade, só contempla dous sexos
- De identificar a “normalidade” co masculino e reivindicar os dereitos da muller de incorporarse ao estilo de vida masculino. O feito de falar de “segundo sexo” xa é unha alusión a “o outro” a “a alteridade” a que “oponse ao correcto”.
- De quedarse nas reivindicacións da muller branca, heterosexual (CIS) e de clase media, esquecendo a exclusión de mulleres racializadas, de clase baixa, non heterosexuais ou trans. No 1989 aparece por

primeira vez o concepto de **interseccionalidade** do que Beauvoir nunca falou. Enténdese por interseccionalidade ás diferentes identidades que se poden superpoñer nunha persoa e ca determinan como un conxunto (a raza, clase social, sexo, xénero...). Esas identidades superpostas significaban capas de explotación das mulleres que, por tanto, non sofren só un tipo de opresión por ser mulleres, senón capas históricas de discriminación debido as súas diversas identidades. Así á discriminación por ser muller hai que sumarlle a discriminación por ser negra (ou outra etnia), por ser musulmá (ou outra relixión minoritaria ou excluída), por ser pobre, por ter un emprego precario, por non ser agraciada fisicamente, por non ser heterosexual, etc.

### 3.3.- O feminismo ten moitas caras:

**3.3.1.- O feminismo da diferenza:** a filósofa **Luce Irigaray** (1930-Belxica) resalta a importancia das diferenzas entre homes e mulleres. O “feminismo da diferenza” contraponse ao “feminismo da igualdade” defendido por Beauvoir. Aquela afirmaba que as mulleres e os homes son basicamente iguais e que as diferenzas son de orixe cultural polo tanto transformando a sociedade pódese acabar cas diferenzas. Pero Irigaray considera que hai diferenzas esenciais entre mulleres e homes. Pensa que a aspiración de igualdade da segunda onda defendida por Beauvoir, leva a que as mulleres acaben reproducindo esquemas masculinos e consolidando o patriarcado e a dominación propia de Occidente. No canto diso, propón un espazo de cultivo dunha vida alternativa baseada en valores especificamente femininos. De feito pensa que a convivencia pacífica entre mulleres e homes só se pode construír dende o respecto á diferenza.

**3.3.2.- A teoría queer:** cuxa máxima representante é a filósofa **Judith Butler** (1956-EEUU) considera que non só o xénero é unha construción social e cultural (como dicía Beauvoir) senón que o é a mesma diferenza sexual tamén o é. Pensa que a distinción que establecemos entre mulleres e homes é unha creación ficticia xa que non hai máis similitudes entre dous homes que entre un home e unha muller, en realidade non existen persoas iguais. O que existe é unha infinita diversidade de corpos, de formas, de maneiras de actuar que a sociedade esfórzase en clasificar e homoxeneizar. Butler denomina a isto a **clasificación binaria** da sociedade. Pensa que todos seríamos máis libres e máis felices se non nos sentiramos obrigados a definirnos como homes ou como mulleres e puideramos elixir a nosa maneira de falar, vestir, expresarnos, relacionarnos cos outros en cada momento.

**3.3.3.- O feminismo universalista:** a comenzo do século XXI a loita pola igualdade entre mulleres e homes acadou grandes conquistas en Occidente, con todo a situación en Ásia, África e algúns países de Sudamérica é moi distinta. Neste sentido a filósofa **Martha Nussbaum** (1947-EEUU) insiste na necesidade de estender a mirada a esas zonas do planeta. Esta tarefa debe realizarse con sensibilidade e respecto á diversidade cultural para non caer en actitudes paternalistas ou neocoloniais. O obxectivo é a loita por todas as mulleres do planeta non só polas brancas de clase media/alta e CIS. Desta maneira o feminismo debe implicarse en temas económicos, sociais, etc.

**3.3.4.- O ecofeminismo:** de **Vandana Shiva** (1952-A India) propón cambiar o marco mental actual orientado ao dominio da Terra por outro baseado no amor e o respecto á biodiversidade. Relaciona esa actitude de respecto ca feminidade forxado ao longo de séculos de relación da muller e a Terra.

### 3.3.4.- Feminismo no 2025

Para algunhos/as teóricas a cuarta onda feminista sigue vixente hoxe en día mentres que para outros estamos no inicio da quinta. A hipótese de partida de esta última posición son:

- As súas características globais: o carácter global, a súa conversión nun movemento de masas, a utilización das redes sociais para organizarse e difundirse, e a súa composición interseccional.
- A reacción contra o **patriarcado**: que se puxo en marcha a finais da década dos oitenta do século XX e abre unha nova fase na co concepto de **patriarcado** volve á escena intelectual feminista e ao imaxinario colectivo.
- A tendencia fortemente anticapitalista articulada ao redor da loita contra a violencia sexual e contra a indemnización da pobreza.

A clasificación da historia do feminismo en ondas non é máis cunha esquematización posible pero é moi útil a hora de poñer de manifesto o seu longo pasado e a súa xenealoxía.

**A teoría feminista non é unha moda, nin unha ideoloxía que se poda compartir en maior ou menor grado; tampouco é unha loita entre sexos. É a voz de millóns de mulleres reclamando dende as súas tumbas os seus dereitos; é unha loita histórica como a da escravitude, a do racismo, a da liberdade relixiosa, que fainos mellores seres humanos (homes e mulleres) e postula unha sociedade máis xusta.**